



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO RAFAEL PUGA RAMÓN DURANTE CURSO ESCOLAR 2016-2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, formalizan o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de setembro de 2016 ata o 31 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o funcionamento do centro público Rafael Puga Ramón, dependente da Deputación Provincial da Coruña, e así cubrir o servizo público da educación aos alumnos escolarizados nel no próximo curso escolar 2016-2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina fundamentase no seguinte:

Por Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), regulouse a situación e o réxime económico dos centros non estatais procedentes da transformación das seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media co obxecto de unificar o tratamento xurídico económico destes centros adecuándoos á nova situación que se presentou como consecuencia da definitiva extinción das ensinanzas que deron orixe ás seccións filiais.

As seccións filiais dos institutos nacionais de ensinanza media transformáronse en centros non estatais coa clasificación de homologados e, como tales, son obxecto dunha subvención do Estado para o desempeño das súas actividades nun réxime económico análogo ao dos institutos de ensino secundario.

Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto no Real Decreto 657/1978, do 2 de marzo (BOE do 8 de abril), non é posible promover a concorrência pública, polo que para a tramitación deste debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

